



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR - 2018

CONVOCATORIA

De acordo coa *Resolución do 25 de setembro de 2018, conxunta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 08/10/2018)*, a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

- 1.- De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira-1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **dous representantes de pais/nais**, dun total de dous que debe ter o Consello Escolar. O/A representante elixido/a en primeiro lugar ocupará a única praza que corresponde renovar neste ano 2018 e permanecerá catro anos como membro do Consello Escolar. A outra **praza restante** (correspondente á renovación do ano 2016) está vacante, polo que será cuberta nesta renovación de 2018 co candidato/a clasificado en segundo lugar por número de votos. A vixencia da proclamación deste último/a representante será de dous anos, xa que esta praza deberá ser cuberta de novo na renovación de 2020.
- 2.- Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As **reclamacións ao referido Censo** realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, **ata as 14:00 horas do día 22 de novembro**.
- 3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores/as legais, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na secretaría do instituto. As **candidaturas** poderán ser presentadas **ata as 14:00 horas do día 20 de novembro**.
- 4.- O **sorteo dos membros da mesa electoral** realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos/as, o día **21 de novembro ás 11:00 horas**. Dita mesa electoral estará composta polo/a Director/a do Centro, que actuará como Presidente/a, e catro pais/nais ou titores/as legais, actuando de secretario/a o de menor idade.
- 5.- A **campaña electoral** comprenderá desde o día 22 ao 24 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. A véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
- 6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais/nais ou titores/as legais do alumnado



matriculado no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de dez electores/as.

7.- As votacións realizaranse neste IES o **día 26 de novembro, de 17:30 a 19:30 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 17:15 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo de **un nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

9.- Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor/a legal do alumnado.

10.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Burela, 13 de novembro de 2018
O PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Santiago J. Pérez Docobo.